

RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN NO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS (2 EFECTIVOS)

Por resolución desta Secretaría Xeral Técnica de data 16/06/2026, convócase proceso selectivo para a contratación de persoal laboral, baixo a modalidade de contrato predoutoral, consistente na selección de dous postos de persoal investigador predoutoral en formación, titulado de grao superior universitario (grupo I) en ciencias biolóxicas (categoría 10), en ciencias do mar (categoría 39) ou equivalente e cun mestrado en oceanografía e xestión do medio mariño, en acuicultura ou equivalente, para o Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (Cima).

De acordo coas bases do citado procedemento, o proceso selectivo terá a modalidade de concurso (avaliación de méritos) que complementará cunha entrevista persoal. A avaliación e selección das persoas aspirantes corresponderá á Comisión de selección regulada na base undécima, coa composición establecida na mesma, polo que corresponde a designación das persoas integrantes da dita comisión.

Polo exposto, esta Secretaría Xeral Técnica, no uso das facultades conferidas polo artigo 17 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e en exercicio das competencias atribuídas polo Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG nº 58, do 26 de marzo de 2021), modificado polo Decreto 210/2022, do 1 de decembro (DOG nº 239, do 19 de decembro de 2022) e polo Decreto 149/2024, do 20 de maio (DOG nº 101, do 27 de maio de 2024), e ao abeiro do establecido na Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia (DOG nº 41, do 1 de marzo de 2022), modificada pola Orde do 15 de marzo de 2022 (DOG nº 57, do 23 de marzo),

DISPÓN:

1.- A composición da **Comisión de selección** do persoal laboral necesario para a cobertura temporal dos postos indicados será a seguinte:

Presidencia: Carlos Gabín Sánchez, persoal funcionario de carreira da escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, subgrupo A1

Secretaría: Irene Oti Cabanelas, persoal funcionario de carreira do corpo superior de administración xeral, subgrupo A1

Vogais:

- Ana Cerviño Otero, persoal funcionario de carreira da escala de ciencias, especialidade bioloxía, subgrupo A1
- Araceli Escudeiro Rossignoli, persoal funcionario de carreira da escala de ciencias, especialidade bioloxía, subgrupo A1
- Edgar No Couto, persoal funcionario de carreira da escala de ciencias, especialidade bioloxía, subgrupo A1

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



2.- A composición da **Comisión de selección suplente** da anterior será a seguinte:

Presidencia: Susana Novoa Vázquez, persoal funcionario de carreira da escala de ciencias, especialidade bioloxía, subgrupo A1

Secretaría: Carmen de Benito Caula, persoal funcionario de carreira do corpo superior de administración xeral, subgrupo A1

Vogais:

- Bernardo Fernández Souto, persoal funcionario de carreira da escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, subgrupo A1
- José David Gómez Brandariz, persoal funcionario de carreira da escala de ciencias, especialidade bioloxía, subgrupo A1
- César Carracedo Parga, persoal funcionario de carreira da escala de ciencias, especialidade bioloxía, subgrupo A1

3.- As funcións da Comisión de selección serán as establecidas nas bases da convocatoria e as súas actuacións deberán axustarse ao disposto nas mesmas.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a consellería do Mar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou poderase impugnar directamente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme ao disposto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, de xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

